

Ola, alumn@s! agardo que estedes levando esta situación con saúde e afouteza. É duro o que está a pasar pero tod@s temos que poñer da nosa parte para superar a situación, non teño dúbidas da vosa madurez e vosa calidade como bos e boas cidadás, sodes mocidade e estádesvos a formar para seguir aportando o mellor de vós á sociedade no futuro .

Agora, logo destas “extrañas vacacións de primavera ou de Semana Santa”, toca retomar as tarefas académicas, aínda que sexa a distancia, de xeito telemático.

Deixamos atrás o primeiro volumen dos textos de Xeografía e Historia para comezarmos novo libro e novo tema : **TEMA 9 OS HABITANTES DO PLANETA**

DEÍXOVOS UN RESUMO DO TEMA QUE PODE SER DE AXUDA COMPLETADO COA LECTURA DO LIBRO DE TEXTO. ELIMINEI A LECTURA DE VARIAS PÁXINAS QUE ABAIXO VOS INDICO

Cómpre que vaiades lendo amodo, pero todos os días, un par de páxinas, con atención, mirando as imaxes, as pirámides de poboación, etc, e resolvendo os exercicios, pouco a pouco, Non deixedes todo para o final. **O día 26** tendes que ter entregadas as preguntas. Eu, **o día 27** , logo de tomar nota de quen entregou as tarefas, e quen non, **enviarei as respostas** para que autocorrixades. Podedes, deixar espazo entre as preguntas, para poder, logo, autocorrixir.

Tamén é necesario que vexades con atención os **videos dos enlaces que vos deixo** , para facer máis doada a comprensión do tema.

Ai vai un resumo do tema para que teñades así unha primeira visión dos contidos , e facilite, deste xeito, a comprensión cando o leades no libro.

RESUMO DO TEMA

A demografía é a ciencia social que estuda a poboación que habita un territorio

Estuda o crecemento da poboación mundial (supera os 7500 millóns de persoas)

Estuda como nos países ricos a poboación é cada vez mais maior, mais vella. E nos países pobres ou en desenvolvemento, hai moita xente moza. Un desequilibrio, polo que vemos, de poboación no mundo.

Estuda os movementos migratorios, isto é a xente que marcha vivir a outro lugar, inmigrante no lugar ao que chega, emigrante do lugar de onde sae.

O planeta ten máis de 7500 millóns de persoas, pero non se reparten igual pola súa superficie: hai áreas e países moi poboados: China, India, Europa occidental, etc, e lugares moi pouco poboados: Antartida, desertos como o do Sahara, selvas como a Amazonia, montañas, Groenlandia, Australia, etc

O reparto da poboación depende de factores económicos, físicos e históricos. (Ver no libro)

A beira de ríos , con bo clima e terras fértil é mais doada a vida e adoita estar mais poboado.

Os lugares inhóspitos, sen auga, ou con clima moi duro, non adoitan estar moi poboados.

A DENSIDADE DA POBOACIÓN é a cantidade de habitantes por KM2 Hai países moi densamente poboados e outros con pouca densidade (ver mapa páxina 173- 174 -175)

A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN

A estrutura da poboación dun lugar

-Estrutura biolóxica. Porcentaxe de homes e de mulleres, porcentaxe de poboación nova, porcentaxe de xente adulta e de terceira idade.

-Estrutura económica. Estuda cal é a porcentaxe de poboación activa, a que está en idade de traballar e a porcentaxe de poboación inactiva que é a que ten menos de 16 anos , xubilados, enfermos, etc que non pode traballar.

Tamén na estrutura da poboación distinguimos tres sectores segundo en que traballa a poboación:

Sector primario- Traballan no campo, pesca , gandeiría, mineiría, Extraen os produtos directamente.

Sector secundario, Transforman os produtos, Traballan en fábricas , construción, etc

Sector terciario. Onde, nos países desenvolvidos, traballa a maioría da poboación: Servizos de educación, sanidade, comercio, ocio, bancos, bares, restaurantes, etc

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN

Nela reflíctese a idade da poboación dun lugar

Na **Base** está a xente mais nova, no **Tronco** da pirámide a xente adulta, e no **Cumio** a xente de maior idade. As pirámides de poboación cambian dun país a outro, por exemplo, en Galiza, a pirámide é “rara”: abaixo, a base é estreita, logo, no medio, no tronco, é bastante ancha como que tivera “panza”, pois hai moitos adultos, en canto ao cumio, tamén é

bastante ancha pois temos unha poboación envellecida, a xente , por sorte, vive moitos anos.

Noutros países, sobre todo do terceiro mundo, como en África, etc, países empobrecidos, a base da pirámide é moi ancha, hai moitos rapaces, e, no cumio, arriba , estreito, con pouca xente, con poucos vellos.

As pirámides tamén reflicten en cada lado o sexo: homes á esquerda e mulleres na dereita da pirámide (ver as pirámides no libro). Hai diferentes tipos de pirámides: equilibrada ou normal, a de parasol, a de campá, e a de bulbo, que lembra as cúpulas bulbosas das igrexas rusas,

A POBOACIÓN MUNDIAL. DINÁMICAS, MOVEMENTOS

-Taxa de natalidade: É o número de nacementos nun ano por cada mil habitantes nun determinado lugar. Nos países de Europa e na Galiza, en concreto, a taxa de natalidade é moi baixa, temos pouca xente moza, somos un país envellecido, isto é un problema,

Taxa de mortallidade: É o número de defuncións ou mortes nun ano por cada mil habitantes, nun lugar ou país determinado.

Antigamente , había unha alta taxa de natalidade, nacían moitos nenos, pero tamén había unha alta taxa de mortalidade, a alimentación e a sanidade non eran boas. A poboación crecía lentamente: nacían moitos, morrían moitos

Logo, coa mellora da alimentación e a sanidade, seguiron nacementos moitos nenos, pero morrían poucos , baixou a taxa de mortalidade e houbo unha **Explosión demográfica**, significa que aumentou moito a poboación. Isto segue a acontecer no 3º Mundo, ,por exemplo en África, onde nacen moitos rapaces e xa non morren tantos como antes, entón, a poboación en África medra moito, con países cunha pirámide de poboación, moi ancha na base da pirámide, pois ten moita xente nova.

En Europa, ao nacer poucos rapaces, a pirámide de poboación é moi “rara” pois a base é moi estreita e o tronco da pirámide moi ancho.

O Crecemento natural ou vexetativo é a diferenza entre o número de nacementos e o número de mortes nun determinado lugar

Galiza, por exemplo, ten un crecemento vexetativo negativo, pois morre máis xente da que nace. Galiza perde poboación, É un grave problema demográfico, pois deixa o país envellecido.

Senegal, por exemplo, ten un crecemento vexetativo positivo, nace máis xente da que morre

Por iso a poboación aumenta, pero como hai tanta mocidade non hai traballo para todos entón por fuxir da pobreza moitos queren emigrar aos países máis desenvolvidos.

(Olla a gráfica do crecemento da poboación mundial da páxina 180, e o mapa da taxa de fecundidade, número de fillos por muller, no mundo, páxina 181)

AS PÁXINAS 182 ,183, 184, 185 NON ESTUDAR

AS POLÍTICAS DEMOGRÁFICAS

Son as medidas que toman os países para

- **Aumentar o número de nacementos**, por exemplo dando facilidades ás mulleres para que teñan fillos: garderías gratis, cueiros (pañais) baratos, tempo libre para coidar os fillos, etc . Isto faise en países onde nacen poucos nenos, por exemplo en Europa e nos países desenvolvidos que precisan xente nova.
- **Control da natalidade**. Hai países como China, que debido á explosión demográfica, están demasiado poboados, China e India teñen máis de 1200 millóns de habitantes cada un, entón as políticas demográficas son de tratar que nazan poucos nenos, por iso facilitan anticoncetivos, ou mesmo castígase ter máis dun fillo por muller(China)
- **Regular as migracións** Os países con as medidas ou políticas migratorias tratan de controlar os fluxos de persoas que migran, móvense duns países a outros, debido á pobreza, ás guerras, catástrofes naturais, etc.
- Por exemplo, Europa e Estados Unidos, son países ricos e precisan de inmigrantes que cheguen a traballar por baixos salarios en traballos que a xente do lugar non quere facer; ao tempo, poñen moitas barreiras, para que non cheguen máis inmigrantes dos países de orixe, moitos morren afogados no mar, ou son obxecto de trata de mafias, son xentes de países con fame, ou países en guerra. É moi inxusto, o que está a pasar, pois fames e guerras son moitas veces provocadas polos países ricos.

- Para rematar o tema, aínda que noutro mais adiante voltaremos con estes conceptos:
- **Emigrante** é a persoa que marcha traballar a outro lugar. Galiza foi e segue a ser un país de emigrantes moita xente marchou traballar a América (Arxentina, Venezuela, USA, ETC, e a Europa)
- **Inmigrante** é a persoa que tivo que emigrar do seu país para buscarse mellor vida noutro, esa persoa no país a onde chega é un inmigrante.
- A persoa que migra, que se move é, pois, emigrante do seu país, e inmigrante no país a onde chega, ás dúas cousas a un tempo.


Ver estes enlaces a vídeos, sei que son algo infantís , pero poden axudar a entender os concetos:

<https://www.youtube.com/watch?v=oiSstZQgu3U>

<https://www.youtube.com/watch?v=7xf2wosX9J8>

TAREFAS Entregar como data límite o **26 abril** no correo foniredondela@gmail.com

- 1- QUE É A DEMOGRAFÍA?
- 2- CANTOS HABITANTES TEN O PLANETA?
- 3- QUE FACTORES FAN QUE SE DISTRIBUA A POBOACIÓN POLO TERRITORIO?
- 4- QUE É A DENSIDADE DE POBOACIÓN?
- 5- QUE PAÍSES E ZONAS SON AS MÁIS POBOADAS DO MUNDO?
- 6- QUE ÁREAS DO MUNDO SON AS MENOS POBOADAS?
- 7- CITA AS 10 CIDADES MÁIS POBOADAS DA TERRA (VER MAPA PAX 174-175)
- 8- QUE PARTES TEN UNHA PIRÁMIDE DE POBOACIÓN?
- 9- QUE TIPOS DE PIRÁMIDES DE POBOACIÓN COÑECES?
- 10- COMENTA ESTAS DUAS PIRÁMIDES DE POBOACIÓN:



BASE:

TRONCO:

CUMIO:



ANGOLA – ÁFRICA

BASE:

TRONCO:

CUMIO:

Cal país ten unha pirámide de poboación con máis xente moza?

Cal país ten unha pirámide con máis xente adulta?

11-QUE É A TAXA DE NATALIDADE?

12- QUE É TAXA DE MORTALIDADE?

13- QUE É A TAXA DE FECUNDIDADE?

14- QUE É O CRECEMENTO VEXETATIVO DA POBOACIÓN?

15- COMO É O CRECEMENTO VEXETATIVO DA POBOACIÓN GALEGA, POSITIVO OU NEGATIVO?

16- TEMOS UN PAIS ENVELLECIDO ?

17- QUE PAISES TIVERON UNHA GRANDE EXPLOSIÓN DEMOGRÁFICA?

18- QUE SON AS POLÍTICAS DEMOGRÁFICAS?

19- QUE POLÍTICA DEMOGRÁFICA DEBERÍA APLICARSE NA GALIZA QUE TEN UNHA BAIXA TASA DE NATALIDADE E A POBOACIÓN ENVELLECIDA?

20- CALES SON OS DOUS PAÍSES MÁIS POBOADOS DA TERRA?

21 – SE TI MARCHAS TRABALLAR A FRANCIA? EXPLICA POR QUE ES UN EMIGRANTE E TAMÉN UN INMIGRANTE...

22- OLLA O MAPA DA PÁXINA 189 E CITA OS LUGARES E CONTINENTES CON MAIOR TAXA DE MORTALIDADE INFANTIL

23 – CALES SON OS SECTORES ECONÓMICOS DA POBOACIÓN, SEGUNDO O TRABALLO QUE DESENPEÑAN? (VER PÁXINA 176)

24- A QUE SECTOR PERTENCE UNHA TRABALLADORA DA SANIDADE, UN TRABALLADOR DE CITROEN, E UNHA MARISCADORA?

25 – QUE CHE PARECEU O TEMA? FOI DOADO OU DIFÍCIL? DEUCHE MOITO TRABALLO?

Cal país ten unha pirámide de poboación con máis xente moza?

Cal país ten unha pirámide con máis xente adulta?